




COSTA EXTERIOR DE RIBADEO

Das Catedrais á illa Pancha, ou da illa Pancha ás Catedrais

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2020



Distancia: 20 km (lineal)
Dificultade: baixa



Unha camiñada pola costa exterior do concello de Ribadeo, na Mariña Oriental unha área de grande interese xeolóxico, paisaxístico, biolóxico e etnográfico.

Os ecosistemas presentes son zonas rochosas nos que se forman pozas que acollen algas e animais durante a marea baixa e seres que viven entre as algas ou fixados nas rochas; os areais e as dunas.

A lonxitude do traxecto non é como para facela de ida e volta, polo que aconsellamos buscar a maneira de atopar unha combinación de xeito que dispoñamos de transporte ata o inicio, ou de recollida no final da ruta. Tamén é aconsellable consultar a taboa de mareas para poder gozar en plenitude das formacións das Catedrais e de moitas das praias, de area branca fina e compacta, ás que coa marea alta apenas lles queda ao descuberto unha estreita liña de area ou un pequeno coído.

Unhas sete horas de camiñada (con parada para un bocado en calquera dos numerosos puntos panorámicos do traxecto), e máis que se poden botar se se lle dedica toda a atención que merece, para facer un percorrido duns 20 km, case todo chan; por camiños e carreiros, ou por leiras e rochedos, sempre beirando o cantil, sempre ou case sempre polo sitio máis achegado á liña da costa. Unha ruta para facer sen présa, na que cada volta é unha descuberta: unha forma, unha cova, un recanto, o xogo das ondas, o mar a bater no cantil...

Unha ruta que se pode facer tamén en dúas partes: do inicio ata Rinlo, a única localidade do traxecto e que se atopa máis ou menos na metade do percorrido, e de Rinlo ao final.



As Catedrais

A costa de Ribadeo conta con numerosas proteccións:

- Forma parte da RESERVA DA BIOSFERA "RESERVA DO RÍO EO, OSCOS E TERRAS DE BURÓN"
- LIC/ZEC "RÍA DO EO"
- LIC/ZEC, MONUMENTO NATURAL e LUGAR DE INTERESE XEOLÓXICO "PRAIA DAS CATEDRAIS". O concello de Ribadeo ten solicitada a súa declaración como Parque Natural.



A RASA DE RIBADEO forma parte da rasa Cantábrica que se estende desde o cabo de Peñas (Asturias) ata Burela. É unha superficie elevada (planalto) sobre o nivel do mar, moi chan, cunha pendente suave cara ao mar que se corta bruscamente terra adentro, na liña na que se cree que antigamente estaban os cantís. Na beira costeira remata en zonas de cantís, que caen case rectos, e zonas de praias. Está interrompida polos vales dalgúns ríos.

A orixe desta rasa ou planalto foi moi estudada por diversos especialistas que barallan distintas hipóteses sobre as causas que puideron actuar máis ou menos combinadas: proceso tectónico de fallas e levantamento da costa no final da Oroxenia Hercínica, movementos epiroxénicos Alpinos, e elevación e descenso do nivel do mar con maior ou menor acción erosiva.



PERCORRIDO

Comezamos nas **Catedrais** achegándonos, pola pasarela de madeira (está prohibido facelo pola liña da costa) ao **regueiro da Malata** que separa os territorios dos concellos de Ribadeo e Barreiros e desauga por un estreito canón. Volvemos ás Catedrais, e se tivemos en conta o horario das mareas poderemos gozar das espectaculares formacións creadas pola erosión do mar nas rochas, volvemos ao inicio e arrancamos a camiñada, pasando pola parte alta dos arcos; ao pouco de deixar atrás as Catedrais atopamos a **enseada do Cadramón** que acolle a **praia do Esteiro**, logo a das **Covas** e un pouco máis alá a **praia das Illas**, a dos **Castros** ou de **Marbadás** e a dos **Xuncos**; a partir deste punto deixa de haber praias de entidade e as poucas que hai son de dimensións reducidas e están agochadas no fondo de estreitas enseadas. Os cantís perden un algo de altitude pero gañan en cores e texturas. Pasamos polos restos abandonados de antigas **cetáceas**, a de **Rinlo** foi a primeira de Galiza, antes de chegar á localidade que se asenta no único espazo con certa amplitude e seguridade desta parte da costa, ao abrigo da **Punta Lapela** no estreito canón da desembocadura dun pequeno rego. De Rinlo para adiante a costa vólvese áspera pola posición inclinada dos estratos e retorcida como consecuencia das numerosas fracturas e polo efecto do traballo do mar contra os diferentes tipos de rochas. Neste traxecto atopamos a desembocadura do **rego dos Caínzos**, coa súa recollida praia-coído, o castro costeiro de **Piñeira**, a agochada e sonora desembocadura do **rego dos Tacós** ou **Moreira**, a **enseada da Vella**, a **Punta Gallín**, a **enseada de Loureiro**, a **punta do Mourón**, a **enseada da Arnela**, o **Penedo do Corvo**, os **cantís do Olla** e o **castro das Grovas**. Desde o castro das Grovas temos que saír á estrada, non atopamos camiño nin carreiro practicable que nos permita seguir pola liña da costa, e pola estrada achegámonos á **praia de Rochas Brancas** e ao miradoiro sobre a **illa Pancha** no que rematamos a ruta.



Pena dos Corvos e desembocadura rego da Malata, no linde do concello de Ribadeo con Barreiros.




As Catedrais coa marea alta



Arcos a xeito de contraforte de catedral que dan nome a este singular monumento xeolóxico, unha zona de cantís e praias que só teñen acceso na marea baixa. A intensa erosión e a disposición dos estratos da lugar a formacións moi curiosas e espectaculares: arcos, furnas, illotes, columnas, buratos (bocas do inferno)...



Illa Xangal



As Catedrais nun sábado de verán



Punta das Chas




Praia do Esteiro, na desembocadura do rego do Vilar




Praia e punta do Cadramón



Praia de Seborollo



Praia das Illas. Entre as praias dos Castros e das Illas atópase un grupo de illotes de tamaños variados chamados "Os Castros", que, segundo a tradición local, estaban unidos entre si formando un castro.





Punta das Covas



Praia dos Marbadás.



Punta do Campo desde a praia dos Marbadás



Praia dos Xuncos



Enseada das Cegoñas



Punta Corveira. Antiga cetárea



Punta Corveira. Pena dos Corvos.



A Ínsua. Restos dunha antiga cetárea.



Corno Grande (Rinlo)



Antiga cetárea de Rinlo, a primeira de Galiza, construída aproveitando unha falla natural no cantil. Ao fondo a punta Lapela.



Porto de **Rinlo**, unha pequena poboación pesqueira asentada nun abrigo natural da costa, que tradicionalmente se dedicou ao marisco.



Fojo Redondo



A Cavanarda, puntas Cerredo e Lapela



A Cavanarda



Enseada de Coedo



A Serra



Enseada da Vella




Os Castros (Illa do Castro)



Punta Gallín.



Dobras nos cantís da enseada do Loureiro



O concello de Ribadeo ten sinalizadas tres **"xeo-rutas"** de interese xeolóxico:

- "Os pregues" : enseadas da Vella e do Loureiro.
- "Os Ollos" : formacións características desta zona producidas polo afundimento de furnas.
- "Os Arcos" : principalmente na costa das Catedrais.



Punta do Mourón



Enseada Olga da Arnela



O Olo



Detalle das rochas nos cantís do Olo



Punta Cerredo



Punntas Cerredo e Lapela



Foxo Redondo



A Cavanarda



Enseada de Coedo



A Serra



Enseada da Vella



Os Castros (Illa do Castro)



Punta Gallín



Punta de Penas Brancas.
Toda a formación do planalto cantábrico está intensamente repregada pola Oroxenia Hercínica.




Enseada de Vilaselán, entre a Pancha e a Punta do Niño do Corvo



12-Praia das Rochas Brancas.



A Pancha.



Cantís na Pancha.



11-Illa Pancha. Marca o límite oeste da Ría de Ribadeo. O vello faro estivo activo desde 1860 ata 1983, data na que entrou en funcionamento o novo, cun alcance de luz de 21 millas náuticas.